

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

POIO

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Con data 27 de outubro de 2015 aprobouse polo Pleno da Corporación a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, someténdose a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 5 de novembro de 2015, durante dito prazo non se formulou alegación ou reclamación ningunha ao expediente, segundo certificación incorporada ao expediente con data 14 de decembro de 2015, polo que dita modificación enténdese aprobada definitivamente procedéndose á publicación do texto dos apartados terceiro e cuarto do artigo 4º así como a nova redacción do artigo 7º:

“4.3.—Gozarán dunha bonificación do 95% os incrementos de valor derivados das transmisións mortis causa da vivenda habitual a favor de descendentes, cónxuxes, ascendentes debendo manter o sucesor a adquisición durante os catro anos seguintes o devengo do imposto e sempre que se presentase a liquidación do imposto no prazo legalmente establecido e sempre que o ben inmovible fose a vivenda habitual do causante durante un ano polo menos antes do falecemento segundo Padrón municipal.

4.4.—Gozarán dunha bonificación do 50% os incrementos de valor derivados das transmisións mortis causa dos bens inmoibles que non sexan vivenda habitual a favor de descendentes, cónxuxes, ascendentes sempre que se presentase a liquidación do imposto no prazo legalmente establecido e sempre que a renda de cada herdeiro non supere a contía de 30.000€ de base imponible a efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas no último exercicio declarado.

Para a aplicación das bonificacións previstas nos apartados 4.3 e 4.4 os herdeiros deberán solicitar as bonificacións correspondentes acreditando as circunstancias previstas nos mencionados apartados.

Artigo 7.—A cota do imposto será o resultado de aplicar a base imponible o tipo de graváme único do 20%.

Dita modificación entrará en vigor o 01 de xaneiro de 2016.



Contra esta aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto nos artigos 10.b) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Poio, 15 de decembro de 2015.—O alcalde, Luciano Sobral Fernández.

